

## BASES CONCURSO ACERTOS E DESASTRES VI. DENDE A MURALLA

### 1. ENTIDADE CONVOCANTE:

Comisión de Arquitectura e Territorio da [Delegación en Lugo do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia](#) (CATDL COAG); con sede na Rúa Puro Cora nº1 - 27002 Lugo (982.23.00.11), en colaboración co xornal La Voz de Galicia.

### 2. FINALIDADE DO CONCURSO:

A presente é a SEXTA edición dun concurso fotográfico que procurará imaxes de Acertos Arquitectónicos e/ou Urbanísticos; que nesta convocatoria terá como temática **preferente** (mais non exclusiva) o entorno do noso **Monumento Patrimonio da Humanidade, a Muralla**.

-Por unha parte reclamar a atención sobre os **acertos arquitectónicos** e/ou urbanísticos da boa arquitectura nun sentido amplo, tanto a intervención popular como a culta, pasada e presente, e divulga-la a fin de que sexa coñecida, valorada e respectada.

-Asemade, tamén procura imaxes de **desastres arquitectónicos** e/ou urbanísticos; sinalándoos a fin de que sexan evitados, ou cando menos coñecidos.

Valorarásese o criterio do participante en tanto á elección do tema así como á calidade fotográfica en tanto que sexa vehículo expresivo.

O ámbito é preferentemente todo o alcance visual dende ou hacia o adarve da Muralla ou ámbitos relacionados.

### 3. CARÁCTER DO CONCURSO:

O Concurso será novamente de presentación On-LINE, e é aberto, anónimo, gratuíto e de fase única.

### 4. CONCURSANTES:

Poderán participar tódalas persoas que o desexen. Non poderán participar no presente concurso os membros do xurado, nin da xunta Directiva da [Delegación de Lugo do COAG](#).

Poderán participar como tales colectivos: colexios, institucións sociais, etc...

As persoas serán maiores de idade ou menores con permiso.

### 5. XURADO

O Xurado do presente concurso estará formado, con voz e voto, por:

- Un colexiado designado pola Xunta Directiva da Delegación en Lugo do COAG.
- Un membro da CATDL, que actuará coma presidente.

- Un fotógrafo do xornal La Voz de Galicia.

Será Secretario do Xurado, sen voz nin voto, a secretaria de Xunta Directiva

As decisións do xurado serán irrevocabes, definitivas e inapelables e tomaranse por maioría simple de votos. Ningún premio poderá ser declarado deserto.

## **6. CRITERIOS DE SELECCIÓN.**

Na selección das fotografías teranse en conta tanto as calidades arquitectónicas, construtivas e/ou interese social do fotografiado coma a súa oportunidade en reseñalas, apreciándose asemade a calidade compositiva da propia fotografía.

Valorarase e estimularase con este certame o interese cidadán para formar conciencia dos feitos xa sexan, acertos ou desastres **na contorna do monumento.**

## **7. PRESENTACIÓN DAS FOTOGRAFÍAS**

–Poderán presentarse un máximo de 5 fotografías en cada categoría (Acertos e/ou Desastres) ata un total de 10 por participante ou IP. Deben ser fotografías orixinais e inéditas non premiadas en ningún outro concurso. Non está permitido participar con 'fotos alleas'.

–As fotografías deben estar realizadas cunha cámara dixital. En caso de resultar gañadores, deberase presentar a cámara fotográfica (móvil ou calquer dispositivo dixital ou analóxico) coa que se realizou a fotografía e a imaxe fotográfica orixinal, como dato que certifique a súa autenticidade.

–Non se admitirán nin permitirán fotomontaxes e aplicar operadores globais para engadir ou eliminar elementos, misturar varias fotos ou modificar a súa composición orixinal, nin reproducións totais ou parciais de outros autores.

–Só se permite o retoque das fotografías sempre que sexa para aplicar filtros globais que melloren a súa calidade (brillo, contraste,...).

–A CATDL COAG resérvase o dereito a rexeitar todas aquelas fotografías nas que aparezan imaxes de persoas identificables, que non sexan realizadas en lugares públicos.

–En todo caso, naquelas fotografías nas que aparezan persoas identificables, o participante no certame deberá contar co consentimento da persoa ou persoas que sexan identificables, ós efectos de que a fotografía na que aparece a súa imaxe participe no presente certame e, no seu caso, sexa utilizada para o seu uso noutras iniciativas da CATDL COAG. Os datos serán protexidos nas condicións previstas por Lei.

–A CATDL COAG resérvase o dereito de excluír unha fotografía do concurso se detecta irregularidades (piratería informática, incumprimento dalgunha das normas aquí detalladas, alonxamento do tema do concurso ou temática inconveniente, etc...).

–AS FOTOGRAFÍAS DEBEN RESPECTAR OS SIGUIENTES REQUISITOS:

- As fotografías deben ser arquivos en formato JPG.
- As fotos que participen no concurso deben ter unha calidade suficiente para poder ser impresas posteriormente. Isto é: mínimo 300 dpi, 4 Megapixels de resolución (2.272x 1.704píxeles).
- As fotos poderanse enviar cunha calidade normal, pero os gañadores deben telas nesta resolución e con estas características. En caso de que as fotos gañadoras non a teñan, os gañadores pasarán a ser os seguintes por orde de número de votos.

–Para concursar, as fotografías débense enviar por correo electrónico á dirección [redac.lugo@lavoiz.es](mailto:redac.lugo@lavoiz.es) de **La Voz de Galicia** (en cuxa web o concurso estará sinalizado en portada) co asunto “Acertos e Desastres”. O participante deberá informar no correo dos seguintes datos:

- Nome e apelidos do concursante.
- Seudónimo: cinco letras e, separado con guión baixo, tres números.
- DNI máis letra NIF ou NIE.
- Dirección de correo electrónico de contacto.
- Dirección de correo postal de contacto.
- Teléfono de contacto.
- Modelo de cámara utilizado.
- Título da imaxe e localización e data de disparo.

Só se admitirán 5 fotos por IP e sección (*acertos e desastres*) da mesma identidade persoal.

–O nome e os demais datos persoais dos participantes permanecerán ocultos durante o concurso. E o anonimato finalizará coa publicación dos resultados dos gañadores.

Os autores das fotografías, polo feito de participar neste concurso, ceden os seguintes dereitos:

**Fotografías premiadas.**

Os autores das fotografías premiadas ceden en exclusiva ó COAG os dereitos de uso, difusión, distribución, comunicación pública, exhibición e reprodución que respondan a fins profesionais e/ou culturais, debendo sempre indicar o nome do autor da fotografía. Dita cesión será de ámbito mundial e por un período de tres anos a contar dende a entrega do premio.

O COAG manterase sempre aberto ó diálogo en caso de que o/os autor/es quixeran facer uso das imaxes durante este período de tres anos.

Con posterioridade a eses tres anos, o COAG só ostentará os dereitos mencionados no primeiro parágrafo deste apartado para poder publicar ou exhibir en calquer formato as fotos gañadoras das distintas edicións do Concurso.

O COAG comprométese a que, no marco do previsto neste apartado, disporá das fotografías pero non as manipulará salvo permiso expreso do autor.

Non obstante, no caso de que calquera das fotografías poida ser considerada como “Obra Fotográfica” nos termos previstos no Real Decreto 1/1996, de 12 de abril, o autor deberá subscribir o correspondente contrato de cesión dos dereitos de propiedade intelectual sobre a fotografía para

a súa produción, reprodución, distribución, comunicación pública e difusión. A cesión deberá realizarse en exclusiva e con carácter indefinido. Mediante dita cesión, o autor cederá a totalidade dos dereitos de propiedade intelectual sobre a/s obra/s fotográfica/s cedida/s, salvo os dereitos morais ó ser estes irrenunciáveis e inalienables, para a súa reprodución, distribución, comunicación pública e difusión a través de cualquier modalidade de explotación.

#### **8. PROCESO, VOTOS E PRAZOS:**

-Durante o mes de Setembro procederáse á recepción de fotos na páxina web de La Voz de Galicia. O prazo remata o 30 de Setembro, unha vez recibidas o xurado dispón de 1 semana para a preselección das 10 mellores fotos (10 acertos e 10 desastres) que posteriormente se someterá a votación pública a través da propia web de La Voz de Galicia. O proceso de votación pública realizarase dende o 7 ó 21 de Outubro e as fotos premiadas serán as máis votadas.

—O xurado emitirá acta que será pública cos criterios que serviron de selección para cada obra premiada.

Dende o momento da recepción das imaxes, o xornal **La Voz de Galicia** publicará as fotos enviadas ó concurso. Poderanse consultar as imaxes en [www.coaglugo.es](http://www.coaglugo.es) e en [www.lavozdeg Galicia.es/lugo/](http://www.lavozdeg Galicia.es/lugo/), sin que presupóna un anticipo da decisión final do xurado.

As obras non seleccionadas nin premiadas poderán ser retiradas ata un mes despois da resolución do concurso, previa comunicación, pasando as restantes a poder do **COAG** a partir desa data, sendo este libre de facer con elas o que estime oportuno.

Os arquivos presentados a concurso poderán ser gardados ou destruídos polo **COAG** a libre elección sen que os autores poidan solicitar a súa recuperación futura nin solicitar ningún tipo de indemnización por estes conceptos.

#### **9. ACEPTACIÓN DAS BASES**

A participación no concurso supón a aceptación plena das bases.

Decidido o fallo, este non será definitivo ata pasados oito días, a resultas das posibles reclamacións sobre o requisito “non premiadas” que se menciona. Pasado este prazo, non habendo denuncia algunha, o fallo será firme e inapelable.

Dereitos de reprodución: Enténdese que os participantes autorizan sen limitación de sistemas, medios, nin países, a reprodución das súas obras sen abono de dereitos. Os concursantes responsabilízanse totalmente de que non existan dereitos de terceiros nas obras presentadas, así como de toda reclamación por dereitos de imaxe. O feito de participar neste concurso supón a aceptación total destas bases. A resolución que deba adoptarse por calquera incidencia non prevista nestas bases corresponderalle ó **COAG**, quen resolverá co mellor criterio, sen que proceda recurso algún.

Infórmase ó solicitante de que os datos personais recollidos serán incorporados ás bases de datos do **COAG**, responsable do ficheiro, e serán tratados coa finalidade de atender a solicitude formulada.

Os datos recabados han de cumprimentarse obrigatoriamente, pois doutro modo non podería ser atendida a solicitude. O solicitante autoriza expresamente ó [COAG](#) para tratar os seus datos a fin de remitir ó seu domicilio calquera tipo de información que poida resultar do seu interese. En calquera momento, o solicitante ten a posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ó tratamento que lle asisten, mediante escrito dirixido ó [COAG](#) na seguinte dirección: Rúa Puro Cora Xornalistas, 1, 27002, Lugo.

As obras seleccionadas pasarán a formar parte dos fondos do [COAG](#), a tódolos efectos, facendo os autores cesión dos seus dereitos sobre as mesmas a favor do [COAG](#).

Tódalas obras seleccionadas formarán parte dunha exposición a realizar no salón de actos da [Delegación en Lugo do COAG](#), e eventualmente daquelas mostras organizadas con posterioridade nas que se estime oportuno; tanto en formato dixital como impreso. Nestas mostras indicárase o título, ubicación do fotografado e nome do autor.

As obras premiadas e os accésits serán presentados en formato impreso pola [CATDL COAG](#) e a cargo deste, cuxa copia quedará en propiedade deste.

Os participantes eximen ó Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de calquera responsabilidade derivada do plaxio ou de calquera outra transgresión da lexislación vixente na que puidera incurrir algún dos participantes. En caso de conflito serán de aplicación as disposicións vixentes en materia de propiedade intelectual e de responsabilidade civil.

## **10. PROTECCIÓN DE DATOS**

De conformidade co establecido no artigo 5 da [Ley Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal](#), informase de que os datos persoais dos participantes quedarán incorporados nun ficheiro propiedade do [COAG](#). O interesado ten o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición, que poderá exercer dirixíndose ó seu respectivo e correspondente responsable do ficheiro. O documento orixinal coas bases do concurso está a disposición dos participantes en [www.coaglugo.es](http://www.coaglugo.es).

## **11. PREMIOS**

Os premios son honoríficos.

Concederáanse 2 premios e 2 accesits

Dous 1ºs Premios. Un para Acertos e outro para Desastres, acompañados cada un dun LOTE de Libros COAG a escoller do fondo dispoñible valorado en 100 €

Dous Accesit. Un para Acertos e outro para Desastres: LOTE de Libros COAG a escoller do fondo dispoñible valorado en 25 €

A escoller no fondo editorial que se atopa no seguinte link: <http://tienda.coag.es/>